



UNHA TESE DEMOSTRA QUE MÁIS DA METADE DOS PACIENTES CON LUPUS DE ESPAÑA ESTÁN EN FASE DE REMISIÓN OU DE BAIXA ACTIVIDADE

- ***A reumatóloga Irene Altabás acaba de doutorarse con sobresaliente cum laude pola Universidade de Vigo, cunha tese sobre esta enfermidade***
- ***Tras realizar un estudo multicéntrico con medio millar de pacientes de varios hospitais de España, concluíuse que o 62,7% presentaban un estado de baixa actividade e o 54% estaban en remisión; taxas similares ás de outros países europeos***
- ***A estratexia por obxectivos busca que os pacientes con lupus acaden a remisión e a baixa actividade da enfermidade, xa que conseguir estes estados supón un beneficio en termos de mortalidade, brotes e mellor calidade de vida***
- ***Este estudo publicouse en 2 artigos científicos na revista Rheumatology (Q1) e recibiu un premio nacional ao mellor traballo de Lupus deste ano***

Vigo, 5 de setembro de 2023. A especialista en Reumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Irene Altabás, acaba de doutorarse con sobresaliente cum laude pola Universidade de Vigo, pola súa tese sobre a enfermidade do lupus. O estudo, titulado "*Aportaciones a la caracterización del estado de baja actividad en el lupus eritematoso sistémico*", conclúe que máis da metade dos pacientes con lupus de España están en fase de remisión ou de baixa actividade.

Esta tese, dirixida polo reumatólogo do Chuvi José María Pego, foi publicada en 2 artigos científicos na prestixiosa revista da especialidade *Rheumatology (Q1)*; ademais, valeulle o premio nacional outorgado pola *Sociedad Española de Reumatología* ao mellor traballo de Lupus do ano 2023.



O lupus eritematoso sistémico é unha enfermidade autoinmune moi complexa que pode afectar a practicamente calquera sistema ou órgano. Ten un curso crónico e alterna períodos de maior actividade con períodos de remisión. Esta natureza crónica, a actividade da enfermidade e os tratamentos aos que son sometidos os pacientes, dan lugar a unha maior comorbilidade, mala calidade de vida, dano irreversible e peor supervivencia.



Segundo explica a Dra. Altabás “nos últimos anos tratouse de implementar novas estratexias para o manexo destes pacientes e así conseguir mellorar o seu estado de saúde a corto e longo prazo. Recentemente definiuse unha estratexia por obxectivos, coa finalidade de que os pacientes con lupus acaden a remisión e a baixa actividade da enfermidade. Demostrouse que conseguir estes estados, definidos por uns criterios específicos, supón un beneficio en términos de mortalidade, brotes e mellor calidade de vida, entre outros”.

Medio millar de pacientes de 7 hospitais españois

O obxectivo da teses era avaliar os estados recentemente definidos de remisión (DORIS) e baixa actividade (LLDAS) nunha cohorte ampla de pacientes con lupus en España, e avaliar estes criterios.

“Para isto realizamos un estudo lonxitudinal multicéntrico de 3 anos de duración, no que participaron 7 servizos de reumatoloxía doutros hospitais españois con alta experiencia no manexo desta enfermidade, e recolléronse preto de 250 variables por paciente”, manifesta a autora da teses.

Resultados aplicables na práctica clínica

En total incluíronse 508 pacientes, 92% mulleres cunha idade media de 50,4 anos. Destes, o 62,7% presentaban un estado de baixa actividade (definido por LLDAS), e o 54% estaban en remisión (DORIS). Isto é, unha porcentaxe moi aceptable de pacientes atopábanse nestes estados, datos similares ou incluso mellores aos de outros países europeos.

En definitiva, “este estudo valida as definicións estandarizadas de remisión (DORIS) e de baixa actividade (LLDAS) como ferramentas de gran eficacia na clasificación de actividade do lupus, sendo recomendable utilizar esta estratexia na práctica clínica xa que axuda aos facultativos na súa avaliación asistencial e reporta maiores beneficios para os pacientes”.